

O Concello de Ribadeo reserva unha partida para mellorar o estadio

Grazas ao superávit e ás contas saneadas pode afrontar a mellora do campo

S. CORRAL

RIBADEO / LA VOZ

O 2018 pechouse cun resultado positivo para o Concello de Ribadeo de 1.300.000 euros e na actualidade o remanente líquido de tesourería acumulada ascende a máis de 2.100.000 euros. O alcalde, Fernando Suárez, considera que «as cousas se están a facer ben e que iso permite realizar modificacións de crédito para acometer obras como as que se realizarán no estadio municipal Pepe Barrera e para as que se reservou a correspondente partida presupostaria».

Foi no último pleno celebrado o mércores. «Debo dicir -sinlaba o alcalde- con orgullo e satisfacción que este é un dos últimos plenos que temos do mandato desta Corporación, foi moi intenso, con moitísimos puntos, con 16 puntos importantes máis dúas mocións, e todo foi aprobado practicamente por unanimidade. Nalgún punto puido haber algunha abstención puntual dalgún concelleiro, pero todos os puntos concitaron un acordo, que é moi importante para o ben de Ribadeo e para o orgullo de Ribadeo».

Con respecto ao Pepe Barrera Suárez explicou: «O Concello aprobou nunha modificación de crédito reservar o crédito total posible para iniciar o procedemento de licitación e de trámite administrativo para que a mellora do estadio poida ser unha realidade este verán. Hai outras modificacións de crédito que darán lugar á nova mellora de camiños, de rúas e de diferentes infraestruturas».

No pleno celebrado o mércores, un dos últimos deste man-



El Ribadeo Indiano será solidario con el Hospital Hijas de la Caridad de La Habana. X. R. / P. L.

dato, foi aprobado tamén o nomeamento de Suso Peña como fillo predilecto de Ribadeo, así como unha moción do BNG sobre o testamento vital e outra sobre as axudas solidarias ao Hospital Hijas de Galicia da Habana, no marco do Ribadeo Indiano, que irán destinadas a novos equipamentos e servizos dese centro.

O pleno aprobou o nomeamento de Suso Peña como Fillo Predilecto, e un Ribadeo Indiano solidario co Hospital Hijas de la Caridad de Cuba



El concello reparará el Pepe Barrera este verano. MIGUEL

DOS CITAS: FÚTBOL SALA Y CICLISMO ADAPTADO

Arropear al Burela FS este sábado en Vista Alegre

BURELA / LA VOZ

El Pescados Rubén Burela FS defiende el liderato este sábado en Vista Alegre (18.30) ante el Rivas Futsal. Los mariñanos defienden el liderato en su camino recto hacia el retorno a Primera División del fútbol sala nacional. Hay que apoyar este sábado al equipo naranja. Quedan siete jornadas tan solo para lograr la meta, pero «hay que seguir picando piedra», como dice el entrenador, Juanma Marrube.

Copa de España de Ciclismo Adaptado-Viveiro

VIVEIRO / LA VOZ

«Era un secreto a voces, y ahora está confirmado. Este año el Club Ciclista Viveiro organizará una prueba del Campeonato Nacional de Ciclismo Adaptado, única prueba de esta disciplina en Galicia». Así lo anuncia el Club Ciclista viveirense: «Para nosotros es todo un desafío y haremos todo lo que esté de nuestra mano para conseguir que el 8 de junio sea un gran día para el ciclismo».

El Club Ciclista de Viveiro organizará la prueba. Se trata, como dicen, de la única prueba de este estilo que tendrá lugar para la Copa de España. Viveiro será el escenario en junio. Un logro, sin duda, del Club Ciclista de Viveiro. En la imagen, el cartel de la prueba.



MANIFESTO

A propósito do 8-M

Benvidas, mulleres! Benvidas, compañeiras! Benvidas todas as que formades, formamos, parte deste movemento imparábel, porque sen vós isto tampouco sería posíbel. Benvidos tamén vós, compañeiros que nos apoiades na loita!»

Estibaliz Veiga

Así comezaba o manifesto que tiven o rotundo privilexio de ler na Marcha Feminista da Coruña. Uns din 40.000, outros 30.000, en calquera caso unha marea violeta inundou as rúas da cidade hasta colapsala y así deixar claro que se as mulleres paran, para o mundo.

De man de Isabel Risco e acompañada por representantes de diferentes agrupacións conducín a lectura diante da fábrica de tabacos, escollida como símbolo do movemento obreiro de mulleres, en tributo ás cigarreiras, temidas pola firmeza coa que respondían aos abusos patronais, mestras en xerar forza colectiva e en non deixar nunca a ningunha compañeira atrás.

Foi emocionante

Foi realmente emocionante ver como familias enteiras berbraban a prol da igualdade e exaltaban a súa convicción de almas violetas.

Medo a que a historia do best seller «O conto da Criada» acabe por non ser tan lonxano. A consolidación do movemento feminista, tranquilízame. Pero sigo alerta. As leis de igualdade non só son necesarias, son fundamentais. A adolescencia está incrementando comportamentos machistas, fan falla moitos 8m os 365 días do ano.

O sábado saín facer deporte protexéndome cun spray legal de autodefensa. Saín á noite polo horario de traballo. Saín á noite porque me deu a gana! Son muller libre e decido cando saio facer deporte. Tropecei. Caín. Non me puíden apoiar na man dereita porque levaba o spray. Acabei no hospital. Se fose un home, non levaría o spray.

O sábado saín facer deporte protexéndome cun spray legal de autodefensa. Saín á noite porque me deu a gana. Son muller libre